A EMPRESA VIGUESA BORGWARNER EMISSIONS SYSTEMS PROMOVE A DOAZÓN DE SANGUE ENTRE OS SEUS TRABALLADORES E TRABALLADORAS

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) estará ao longo da presente xornada, martes 18 de novembro, na empresa Borgwarner Emissions Systems de Vigo. Os profesionais que desexen doar sangue poderán facelo na unidade móbil da ADOS que estará estacionada dentro do recinto da empresa das 09:30 ás 14:30 e das 15:30 ás 21:00 horas.

Borgwarner Emissions Systems conta cunha longa traxectoria de colaboración que comezou no ano 2015. Desde este ano, as unidades móbiles da Axencia visitaron as instalacións da empresa en 11 ocasións, acadando, no transcurso destas visitas, 531 doazóns de sangue.

ADOS quere agradecer á dirección de Borgwarner Emissions Systems as facilidades amosadas para o desenvolvemento das campañas de doazón de sangue, recoñecemento que fai extensivo a todos os seus traballadores e traballadoras que participan activamente doando sangue.